



ANUNCIO

ASUNTO: COMPOSICIÓN DO GRUPO MIXTO DE SELECCIÓN, DATA DAS PROBAS, PERSOAS CANDIDATAS

EXPEDIENTE: CONTRATACIÓN DE 5 OPERARIOS/AS DE LIMPEZA (PROXECTO: SERVIZOS BÁSICOS 2021; PROCEDEMENTO DA XUNTA: TR351F)

Expediente TEDEC para proceso de selección: 2021/E001/000013

Expediente TEDEC de solicitude da axuda: 2021/A008/000034

Tendo en conta Resolución de Alcaldía núm. 784/2021, con data do 05/08/2021, pola que se aproban as bases a realización dun proceso selectivo para a contratación de cinco (5) operarios/as de limpeza para o proxecto "SERVIZOS BÁSICOS 2021" ao abeiro da Orde do 12 de abril de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia e se aproba a súa convocatoria para o ano 2021 (código de procedemento TR351F, DOG núm. 78 do 27/04/2021), que foron publicadas na sede do Concello de Vimianzo e no Taboleiro de alumnos con data do 05/08/2021, e que nesa resolución se ditaba a publicación da composición do Grupo Mixto en canto se coñeceran os nomeamentos das respectivas administracións.

Vistas as comunicacións recibidas para a constitución do Grupo Mixto de selección:

- 1) Proposta de nomeamento das persoas titulares e suplentes para formar parte da comisión da selección para a contratación temporal polo Concello de Vimianzo de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras de RISGA por parte do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, asinado por Perfecto Rodríguez Muíños, xerente, con data do 30/07/2021.
- 2) Nomeamento de representante da Consellería de Emprego e Igualdade, asinado por Rafael Otero Portal, director da Oficina de Emprego de Cee, con data do 09/08/2021.

Dase a coñecer a **composición do Grupo Mixto** responsable do proceso de selección, que queda constituído polas seguintes persoas:

- 1) Representante do Concello de Vimianzo
Titular: Rosa María Sánchez Martínez, técnica de Desenvolvemento Local
Suplente: Evaristo Suárez Corzón, técnico de Desenvolvemento Rural
- 2) Consellería de Emprego e Igualdade
Titular: Rafael otero Portal, director da Oficina de Emprego de Cee
- 3) Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar:
Titular: Cristina Rodríguez Rey. Técnica do Equipo de Inclusión Sociolaboral de Carballo



Suplentes:

María Jesús Cerqueiro Dubra. Técnico Medio do Equipo de Inclusión Sociolaboral de Carballo.

Ánxeles Ramos Vázquez. Técnico do Equipo de Inclusión Sociolaboral de Carballo.

Antonio Miranda Fernández. Técnico de Coordinación Departamento de Inclusión.

As **probas** vanse realizar o venres 20 de agosto de 2021 a partir das 10:00. Vanse facer de maneira individual e desde a Oficina de Emprego de Cee envíase a notificación e comunícase o horario asignado.

A **relación** de persoas candidatas remitida pola Oficina de Emprego, en resposta á oferta 12-2021-7559 inclúe a:

	EXPEDIENTE	DNI/NIE/ID
1	15092/0002/20	XXX1549XX
2	15092/0009/19	XXX9776XX
3	15092/0006/20	XXX1767XX
4	15092/0011/19	XXX6080XX
5	15092/0007/20	XXXX6053X

Estas persoas deberán presentar a documentación que se indica nas bases.

Vimianzo, 18/08/2021

A alcaldesa

Mónica Rodríguez Ordóñez

(documento asinado electronicamente)